

REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS EMPRESA SOBRE PECHE DE CENTROS EN SEMANA SANTA 2021

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO, presidente)

Alejandra Álvarez Silva (CCOO)

Margarita Turnes (CCOO)

José Estévez Vázquez (CCOO)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

María Carmen Rodríguez Prieto (CCOO)

Rita Velasco Graña (CCOO)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

José Manuel García Eirín (CIG)

Rodrigo Alberte Pivida (CIG)

XUNTA PAS

Xan Cebro Rodríguez (CIG, presidente)

José Antonio Gándara Pérez (CIG)

María José Ríos Santomé (CIG)

Os representantes dos Comités de Empresa do PAS Laboral e a Xunta PAS mantiveron unha reunión coa Xerencia, o día 04 de marzo de 2021 ás 09:30h na Sala 20 do Campus Remoto.

A xerenta comeza dicindo que dende a Xerencia se adiantou o borrador da instrución para que se enviaran as alegacións oportunas xa que, dado que as reunións ao ser en remoto, resulta máis áxil. De calquera xeito, tendo recibido unha petición do Comité de Empresa de Pontevedra para que se faga unha reunión ao respecto, convocouse no día de hoxe.

O presidente do Comité de Empresa de Pontevedra di que solicitaron a reunión porque o texto non é como outros anos polo que lles parece oportuno unha reunión e non só facer alegacións. No que se refire ao punto 5 “*As persoas responsables de cada unidade comunicarán á Xerencia (consultapas@uvigo.gal) a relación nominal do persoal que atenderá os servizos esenciais establecidos, coas seguintes datas límite...*” entende que nos servizos non se vai cumprir que todos coñecerán as súas vacacións.

A xerenta di que efectivamente a 30 de abril se van coñecer as vacacións do persoal.

O presidente do CEPO fai referencia tamén ao punto e) “*O persoal que deba prestar servizos esenciais no período do 4 ao 18 de agosto non terá dereito aos días 3 días adicionais. No caso de que a prestación de servizos non abranga a totalidade do período, terase dereito a días de compensación na seguinte proporción:*

- *1 día, sempre e cando se goce dun mínimo de 4 días de vacacións no período.*

- *2 días, sempre e cando se goce dun mínimo de 8 días de vacacións no período.*”

e di que o persoal afectado por servizos mínimos debería ter tamén os tres días adicionais. Pide tamén que se explique a proporción, xa que non entenden de onde saen os 4 e os 8 días.

A Xerenta responde que iso está xa acordado por unanimidade e entende que non concorren circunstancias que impliquen a modificación.

Pablo Álvarez di que a proporción debería de ser: 1 día cando se goce dun mínimo de 3, 2 días cando se goce dun mínimo de 6 e 3 días cando se goce dun mínimo de 9. Engade tamén que o feito de pechar en semanas partidas en agosto non axuda en absoluto para a conciliación.

O presidente da Xunta PAS di que, sobre este asunto, hai dous anos se chegou a un acordo entre CEPO, CEO e Xunta PAS o cal non se debería modificar. Como alegación ao borrador, entenden que debe procurarse que o persoal que ten que facer servizos mínimos, gocen deses días de xeito seguido, xa que entenden que isto que propoñen non modifica o acordo en nada substancial.


A Xerenta responde que a Xerencia non impón o goce continuo nin discontinuo dos servizos esenciais. A problemática xurdida o ano anterior foi organización do servizo que así o acordaron entre eles.

O Vixexerente de RRHH engade que a organización dos servizos esenciais, tal como indica o punto 2 do borrador de instrución é cuestión do responsable do servizo ou unidade no que se producen, logo do acordo co persoal que alí traballa.

O presidente do CEO di que están de acordo coa instrución, xa que é similar á do ano anterior e entenden que non é necesario facer alegacións.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 10:25h

A Xerenta



Raquel M. Souto
García

O Presidente do
CEPO




Marcos Estévez Orge

O Presidente do CEO



Luis Pérez Gómez

O Presidente Xunta
PAS F



Xoán M. Cebro
Rodríguez